

**CURSO  
2021-2022**

**PROGRAMA DE ACOLLIDA**

**CEIP PLURILINGÜE  
PENA DE FRANCIA-MOS**

## Índice

1.	Contexto .....	3
2.	Nova normas de organización e funcionamento .....	3
2.1	Alumnado de infantil.....	3
2.2	Educación Primaria .....	4
3.	Actuacións de prevención hixiene e protección.....	5
4.	Accións formativas para a mellora da competencia dixital.....	6
5.	Atención aos aspectos emocionais e sociais. ....	7
6.	Anexos .....	9
6.1	Anexo I .....	9
6.2	Anexo II .....	10

## 1. Contexto

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas e ao Programa de Acollida Covid 19 do CEIP Plurilingüe Pena de Francia en Mos.

## 2. Nova normas de organización e funcionamento

### USO DE MÁSCARA

O seu uso é obrigatorio en todo o recinto escolar para todo o persoal e alumnado de primaria tanto dentro coma fora da aula.

En infantil está recomendado o uso de máscara .

No autobús escolar é obrigatorio o uso de máscara por todo o alumnado.

Sempre teñen que traer unha máscara de reposto nunha pequena bolsa ou neceser.

### 2.1 Alumnado de infantil

#### ENTRADA: ver Anexo I

Todo o alumnado de infantil accede o centro polo portal principal de abaixo, dirixíndose a súa parcela do patio cuberto.

Só pode vir acompañado por un familiar que no pode entrar no edificio pero si esperar con el na parcela do patio cuberto correspondente a súa aula.

Todo alumnado de infantil entra ao colexio, pola porta da planta baixa acompañados polas titoras , a mestra de apoio e cuidadora.

GRUPO	Nº DE ALUMNADO	HORARIO ENTRADA	LUGAR DE ENTRADA	LUGAR DE ESPERA
<b>4º Educación Infantil 3 anos A</b>	14	Setembro período de adaptación (Ata o día 21)	Aparcamiento de abaixo e entrada polo Portal Principal de abaixo	Parcela de 3 anos A no patio cuberto
<b>4º Educación Infantil 3 anos B</b>	14			Parcela de 3 anos B no patio cuberto
<b>5º Educación Infantil 4 anos A</b>	17	Empezan o día 9 de setembro 09:00		Parcela de 4 anos A no patio cuberto
<b>5º Educación Infantil 4 anos B</b>	15	Empezan o día 9 de setembro 09:00		Parcela de 4 anos B no patio cuberto
<b>6º Educación Infantil A 5 anos</b>	20	Empezan o día 9 de setembro 09:00		Parcela de 5 anos no patio cuberto

## SAÍDA

GRUPO	Nº DE ALUMNADO	HORARIO SAÍDA	LUGAR DE SAÍDA	LUGAR DE ESPERA
4º Educación Infantil 3 anos A	14	Setembro período de adaptación (Ata o día 21)	Portal Principal de abaixo	Parcela de 3 anos A no patio cuberto
4º Educación Infantil 3 anos B	14			Parcela de 3 anos B no patio cuberto
5º Educación Infantil 4 anos A	17	13:35		Parcela de 4 anos A no patio cuberto
5º Educación Infantil 4 anos B	15	13:40		Parcela de 4 anos B no patio cuberto
6º Educación Infantil 5 anos	24	13:45		Parcela de 5 anos no patio cuberto

## 2.2 Educación Primaria

**ENTRADA:** ver Anexo I

Os familiares non pode acceder ao recinto do centro.

GRUPO	ALUMNADO	HORARIO ENTRADA	LUGAR DE ENTRADA	
			EN AUTOBÚS	EN COCHE
1º	23	Empeza o 9 de setembro 09:00	Portal de abaixo Porta de emerxencia do 2º andar	Portal do Pavillón (aparcamento do Pavillón) Porta de emerxencia do 2º andar
2º	21			
3º	18			
4º	37	Empeza o 9 de setembro 09:00	Portal de abaixo Porta principal 1º andar	Portal do campo de fútbol (Aparcamento no campo de fútbol) Porta principal 1º andar
5º	27			
6º	35			

## SAÍDA

Os familiares acceden ao recinto polos portais do pavillón e esperan nas zonas indicadas a que cada titor/a entregue o alumnado.

GRUPO	ALUMNADO	HORARIO SAÍDA	LUGAR DE SAÍDA	
			EN AUTOBÚS	EN COCHE
1º	23	13:55	Porta de emerxencia do 2º andar. Fila no patio cuberto. Portal de abaixo.	Portal do Pavillón (Aparcamento Pavillón) Porta de emerxencia do 2º andar
2º	21			
3º	18			
4º	37	13:55	Porta principal 1º andar Fila no patio cuberto Portal de abaixo	Portal do campo de fútbol (Aparcamento no campo de fútbol) Porta principal 1º andar
5º	27			
6º	35			

## MERENDA

Horario de 11:30 a 11:50 merendamos na aula por seguridade e facemos o momento lector.

## RECREO: ver Anexo II

Horario de 11:50 a 12:20 . Cada clase ten a súa parcela de recreo independente para manter o grupo de convivencia estable

## COMEDOR AULA MADRUGA

Xestionado pola ANPA e a empresa Catering Calidus.

Mantense o seu servizo no mesmo horario do ano pasado.

Amplía o espazo ao salón de usos múltiples para poder garantir as distancia de seguridade e os grupos de convivencia .

## 3. Actuacións de prevención hixiene e protección

- Uso obrigatorio de máscara por todo o persoal e alumnado de primaria en todo o recinto escolar e en todo momento.
- Recomendase o uso de máscara ao alumnado de educación infantil.
- Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado . Farase na casa antes de asistir ao colexio.
- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- Desinfección de mans na entrada do centro e en todas as dependencias.
- Xabón e papel secante en todos os aseos.

- Produtos desinfectantes de mobiliario.
- Unha persoa de limpeza durante todo o horario escolar .
- Espazo de illamento para os casos sospeitosos de contaxio.
- Sinalética horizontal e vertical por todo o recinto escolar.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitadas, onde se gardan...
- Interpretación dos carteis e marcas de distancia de seguridade.
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

#### **4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital.**

As accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial son:

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencias ou non presencial.
- Neste vindeiro curso o claustro participará en actividades de formación en uso da aula virtual e outras plataformas oficiais.
- En calquera caso, o coordinador do equipo TICS con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), que, a día de hoxe, xa está preparada, por parte do equipo directivo para o comezo de curso cos cursos do 2021/2022 creados. O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICS.

## 5. Atención aos aspectos emocionais e sociais.

A atención aos aspectos emocionais e sociais, levaranse a cabo mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán:

- Tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado,.
- A aprendizaxe cooperativa.
- Uso das TIC como recurso didáctico e actividades que favorezan a autoaprendizaxe,
- Pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras.

Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

- A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.
- Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado: o evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. o Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Valoración das entradas e saídas do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento.
- Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula. Valoración en grupo aula desta medida e posta en común do acontecido para establecer aquilo no que temos que mellorar.
- Mantemento da cartelería nos accesos ás aulas e aos espazos comúns.
- Uso na dinámica de aula dos dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada grupo, creación de normas de aula entre o alumnado.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.

- Emprego de xabón e papel para secar as mans, na aula e nos espazos correspondentes coma o baño.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
  - ✓ Ao ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
  - ✓ Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
  - ✓ Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible. Empregar a máscara de protección. Informarse do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.
- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto do persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas por parte do alumnado do profesorado e do persoal de limpeza asignado.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre empregarán o espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
- Os equipos de traballo e material manipulativo de uso común desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa, gardando corentena de 24h se é o caso.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Este plan pode ser modificando ao longo do curso cando o indiquen as autoridades educativas e sanitarias.



## 6. Anexos

### 6.1 Anexo I



## 6.2 Anexo II

